

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
32020801	Escola unitaria de Vences (CRA de Monterrei)	Monterrei	2024/2025	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	03/02/25
Data aprobación consello	08/10/24
Data aprobación claustro	08/10/24

2. Introducción

O C.R.A. Monterrei foi constituído pola Orde 3 de marzo de 2008 (DOG 10 de marzo de 2008). Este centro resultou da agrupación de tres escolas unitarias: a de Pazos, Vences e a de Vilaza.as aulas do noso CRA e a súa sede administrativa están dispersas xeograficamente , as aulas de Vilaza , a de Vences e a sede pertencen ao Concello de Monterrei e a de Pazos ao de Verín. Os dous concellos están enclavados no Val de Monterrei, situado no sur este da provincia de Ourense. Os datos básicos do noso centro son os seguintes: Nome do centro: Escola unitaria de Vences (C.R.A. MONTERREI) Enderezo: Estrada Alcocelos s/n. Localidade: Vences. Concello: Monterrei. Provincia: Ourense Teléfono: 988 788108 Código postal: 32624 Correo electrónico: cra.monterrei@edu.xunta.es Páxina Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cramonterrei/> Blog: <http://cramonterrei.wordpress.com/>, Facebook: <https://www.facebook.com/cra.monterrei>, Instagram: cra.monterrei Tipo de centro: Colexio Rural Agrupado Número de mestres: 7 Número de alumnos : 5

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital do C.R.A. Monterrei está constituído por todos os membros do seu claustro. O coordinador do Plan Dixital do noso centro a través das informacións recibidas polo mentor foi configurando, o acceso á Aula virtual creada para ir elaborando o Plan e, en colaboración co resto de membros do Equipo, e grazas á formación recibida polo mentor entre todos nós fomos, paso a paso, dando forma e enchendo de contido o citado plan:

- Contestando o cuestionario SELFIE e analizando os resultados
- Completando o Test de Competencia Dixital Docente (TCDD) e igualmente analizando os resultados
- Elaborando a DAFO do CRA. Monterrei a partir das conclusións extraídas do análise dos resultados anteriores
- Elaborando o Plan de Acción, detallando os obxectivos a conseguir para o curso 2024-2025
- E finalmente, elaborando o Plan Dixital co CRA. Monterrei, adaptado á nosa realidade. Durante todo ese curso (23-24) foise realizando unha valoración trimestral e outra final dos indicadores dos obxectivos acadados, para así, establecer no apartado "Propostas de Mellora" aqueles que quedan pendentes de conseguir para o vindeiro curso ou outros novos que se propoñan.

A creación do Plan Dixital implica unha modificación inevitable do Proxecto Educativo ,pois nel teñen que figurar todas as actuacións previstas no Plan Dixital para conseguir a mellora dixital do noso centro en todos os aspectos e as variacións metodolóxicas ou pedagóxicas que isto poda implicar. Igualmente introduciremos modificacións no Plan de Integración das TIC e en todos aqueles outros plans onde a dixitalización estará máis presente. Polo dito anteriormente a Programación Xeral Anual verase igualmente afectada xa que haberá que :

- Contemplar unha formación específica para o profesorado no ámbito dixital- Modificar Plans
- Modificar estratexias de traballo

O Plan Dixital do noso centro está circunscrito aos marcos de referencia da Competencia Dixital que orientan a formación inicial e permanente do profesorado e facilitan o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros educativos e nas súas aulas. Estas normativas vixentes son as seguintes:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan

instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022.

- Artigo 30.1 do DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Artigo 15 da ORDE do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- Artigo 34.1 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Artigo 14 da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

A DAFO é unha ferramenta que facilita a análise da realidade e a toma de decisións sobre distintos ámbitos .

Para efectuala é necesario recoller información, proceso que realizaremos a través de diferentes ferramentas. Estas son :

- Autoavaliación SELFIE: É unha ferramenta de reflexión para centros educativos desenvolta pola Comisión Europea que ten como obxectivo axudar aos centros a integrar as tecnoloxías dixitais no ensino e nas aprendizaxes.

Os resultados obtidos polo noso centro quedan reflexados no Anexo 1

- Test CDD: Test de Competencia Dixital Docente : Ferramenta de autorreflexión do profesorado que determina, de forma orientativa, o nivel de competencia dixital de cada un dos participantes e servirá para poder planificar a formación futura do profesorado no ámbito dixital.

Os resultados obtidos polo noso centro quedan reflexados no Anexo 2

- Outras fontes:

- Debates realizados polos membros do Equipo de Dinamización do Plan Dixital nas reunións realizadas permitiron ,no momento de chegar á análise tanto dos resultados da enquisa SELFIE como aos do Test de Competencia Dixital Docente , interesantes achegas que contribuíron á toma de decisións consensuada sobre a nosa DAFO.

- Análise cuantitativa e cualitativa tanto da enquisa SELFIE como do Test de Competencia Dixital Docente realizado polo profesorado do centro , valorando tanto resultados numéricos como determinados aspectos internos e externos, que nos axudarán a determinar cales poden constituír debilidades ou fortalezas (internos) ou ameazas ou oportunidades (externos).

- Dinámica dos “3 Porqués” onde entre todos analizamos aqueles dous datos da enquisa SELFIE que obtiveron a maior puntuación , os dous que tiveron a menor e aqueles outros dous cunha maior dispersión para tentar atopar 3 motivos que puideran xustificar esa valoración e polo tanto que nos axudaran a determinar debilidades e ameazas así como fortalezas e oportunidades.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	A idade do alumnado para traballar a competencia dixital.	Alumnado	Non
Debilidade	A infraestrutura dixital nalgúñas aulas é deficitaria por carencia de espazos ou por ser inadecuados.	Infraestruturas	Si
Debilidade	Carecemos dun banco de recursos en liña propio.	Organización de centro	Si
Debilidade	Definir e determinar aspectos e items da competencia dixital que queremos que adquiran os nenos das idades que temos na aula.	Organización de centro	Si
Debilidade	O nivel dixital do profesorado debe mellorar polo que necesita formación e actualización.	Persoal docente	Si
Debilidade	O profesorado é capaz de buscar e empregar recursos dixitais para o ensino, pero ten máis dificultades para crear actividades de aprendizaxe dixital .	Persoal docente	Si
Debilidade	. Falta de tempo para crear recursos dixitais	Persoal docente	Si
Debilidade	Escaso tempo para explorar a ensinanza dixital.	Persoal docente	Si
Fortaleza	Comunidade educativa implicada.	Familias	Non
Fortaleza	Abundantes recursos nas escolas.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Recursos compartidos na Rede de Escolas na Nube, Instagram, Blog do centro .	Infraestruturas	Non
Fortaleza	Instagram e Blog do centro activo.	Infraestruturas	Non
Fortaleza	O centro conta co apoio da dirección para todo o relacionado coas melloras educativas.	Organización de centro	Non
Fortaleza	Empregamos técnicas dixitais para colaborar con outros centros ou organizacións.	Organización de centro	Non
Fortaleza	Proxectos e Plans de Formación (Contratos Programa, Club de Ciencia, PFPP)	Organización de centro	Non
Fortaleza	Alta implicación do equipo directivo e do profesorado na exploración de novas modalidades de ensino.	Organización de centro	Non
Fortaleza	Boa disposición por parte do profesorado para ampliar e completar a súa formación profesional.	Persoal docente	Non
Fortaleza	O tamaño reducido do claustro favorece a coordinación e o traballo cooperativo dos docentes	Persoal docente	Non
Fortaleza	Variedade de recursos dixitais.	Persoal docente	Non

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	As conexións a internet fallan con frecuencia e a asistencia técnica corre, a maior parte das veces, por conta do centro e non da UAC	Administración educativa	Si
Ameaza	O profesorado non dispón do todo o tempo desexable para a formación e a elaboración de recursos dixitais, pola sobrecarga de traballo procedente da Consellería de Educación.	Administración educativa	Si
Ameaza	Os equipos informáticos mercados a través de proxectos carecen de cobertura por parte da Consellería.	Administración educativa	Non
Ameaza	Falta de materiais de robótica, impresoras 3D, PDI actualizadas, entre as dotacións de material ofertados pola Administración.	Administración educativa	Non
Ameaza	Brecha dixital nas familias (Formación dixital, medios tecnolóxicos e conexións á rede	ANPA	Si
Oportunidade	Aproveitar as convocatorias dos novos plans da Consellería.	Administración educativa	Non
Oportunidade	Acceso a distintas posibilidades de formación en técnicas dixitais	Administración educativa	Non
Oportunidade	A rede de formación do profesorado ofrece formación ao centro adaptada ás necesidades (PFPP)	Administración educativa	Non
Oportunidade	Aproveitar a elaboración do Plan Dixital para por en valor o traballo da ferramenta TIC no CRA e mellorar na práctica docente.	Administración educativa	Non
Oportunidade	Existe ANPA	Contorna	Non
Oportunidade	Ampla oferta de entidades colaboradoras que se achegan a nós grazas ás técnicas dixitais .	Outras	Non
Oportunidade	A difusión nos medios de comunicación e nas redes sociais da educación noutros Centros educativos e dos novos medios dixitais que empregan, xera aprendizaxe e motiva a actualización da dotación tecnolóxica.	Outras	Non
Oportunidade	Proxección externa do centro a través de tecnoloxías dixitais.	Outras	Non

3.4. Análise

A partir da análise da DAFO elaborado traballamos primeiro, a nivel individual , tentando establecer aqueles obxectivos que nos parecían máis necesarios acadar , posteriormente cunha posta en común do feito por cada un de nós, establecemos de forma conxunta e consensuada os obxectivos para o noso Plan de Acción , determinamos a Área de mellora coa que están relacionados , os indicadores (e dicir, ata onde queremos chegar) e os seus valores de partida e de chegada. Tamén é necesario concretar as accións para conseguir cada obxectivo , determinar o responsable , acordar a temporización e os recursos necesarios.

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
O01PD	Mellorar a formación do profesorado na competencia dixital
O02PD	Empregar a Nova Nube Dixital para o CRA Monterrei
O03PD	Implementar unha extratexia de comunicación para dar a coñecer o centro e os seus recursos e actividades.

4.2. Datos do obxectivo O01PD

Código	Estado
O01PD	Pendente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Persoal docente - O nivel dixital do profesorado debe mellorar polo que necesita formación e actualización.

Debilidade - Persoal docente - O profesorado é capaz de buscar e empregar recursos dixitais para o ensino, pero ten máis dificultades para crear actividades de aprendizaxe dixital .

Debilidade - Persoal docente - . Falta de tempo para crear recursos dixitais

Debilidade - Persoal docente - Escaso tempo para explorar a ensinanza dixital.

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Porcentaxe de profesorado con CDD mínimo B1.	Un 25% do profesorado posúe o certificado en competencia dixital B1.	Polo menos un 50% do profesorado acada a certificación en competencia dixital B1.				

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1: Solicitud no PFPP de formación sobre Actualización Dixital	15/11/2024	novembro
Responsables	Directora	
Destinatario	Claustro de Profesores	

Revisión	Data	Arquivo
Obxetivos marcados acadados. Solicitaronse no PFPP formacións relacionados coa formación dixital do profesorado que foron concedidas.	20/12/2024	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2: Creación de contidos dixitais aplicables á nosa práctica docente (cando menos 3 actividade por trimestre)	20/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Todo o profesorado	
Destinatario	Profesorado	

Revisión	Data	Arquivo
Os resultados acadados son acordes os obxetivos marcados. Estanse a integrar contidos dixitais na práctica docente como medio de apoio o proceso de ensino-aprendizaxe.	20/12/2024	

4.3. Datos do obxectivo O02PD

Código	Estado
O02PD	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - As conexións a internet fallan con frecuencia e a asistencia técnica corre, a maior parte das veces, por conta do centro e non da UAC

Ameaza - Administración educativa - O profesorado non dispón do todo o tempo desexable para a formación e a elaboración de recursos dixitais, pola sobrecarga de traballo procedente da Consellería de Educación.

Debilidade - Infraestruturas - A infraestrutura dixital nalgúns aulas é deficitaria por carencia de espazos ou por ser inadecuados.

Debilidade - Organización de centro - Carecemos dun banco de recursos en liña propio.

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Ter a Nube do CRA Monterrei operativa e accesible a toda a Comunidade Educativa	Non está operativa	Operativa en máis dun 80%	Operativa nun 90%			

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.1 : Achegamento de contido a Nube do CRA Monterrei	30/06/2025	marzo, decembro, xuño
Responsables	Coordinador TIC	
Destinatario	Toda a Comunidade Educativa	

Revisión	Data	Arquivo
Nivel de consecución e moi alto. A final de trimestre está actualizado o acceso a toda a documentación necesaria para o correcto funcionamento do centro e de interese para o profesorado do Cra Monterrei na Nube de Dropbox.	20/12/2024	

4.4. Datos do obxectivo O03PD

Código	Estado
O03PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - ANPA - Brecha dixital nas familias (Formación dixital, medios tecnolóxicos e conexións á rede

Debilidade - Organización de centro - Carecemos dun banco de recursos en liña propio.

Debilidade - Organización de centro - Definir e determinar aspectos e items da competencia dixital que queremos que adquieran os nenos das idades que temos na aula.

Debilidade - Persoal docente - O profesorado é capaz de buscar e empregar recursos dixitais para o ensino, pero ten máis dificultades para crear actividades de aprendizaxe dixital .

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Porcentaxe de profesorado que crea e difunde a través de medios dixitais as actividades e recursos levadas a cabo na aula co obxectivo de captar alumnado.	Un 50% do profesorado crea e difunde contidos dixitais de forma frecuente.	Mais dun 70% do profesorado creará e difundirá actividades a través de medios dixitais.	Máis do 80% do profesorado creará e difundirá actividades a través de medios dixitais.			

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Difusión das actividades realizadas empregando as redes de difusión do centro docente (cando menos 3 actividade por trimestre).	20/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Todo o profesorado	
Destinatario	Comunidade educativa.	

Revisión	Data	Arquivo
Nivel de consecución moi alto. Estase a levar a cabo unha labor constante de difusión do centro en redes sociais con varias publicacións semanais e a participación activa de todo o profesorado do centro educativo.	20/12/2024	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

O seguimento do Plan Dixital deberá facerse contemplando dous aspectos :

- Procesual : Que estudará o estado de execución das accións , a análise e valoración dos resultados e que se realizará no momento de fin de remate de cada acción ou trimestralmente.
- Final : Que valorará o logro dos obxectivos e que se realizará no final do terceiro trimestre

Segundo cada un dos obxectivos o seguimento tanto procesual como final, variará atendendo ás peculiaridades de cada un deles. O seguimento das nosas accións finalizará en xuño de 2025.

O procedemento de seguimento do Plan Dixital farémolo a través de rexistros ou instrumentos diseñados para tal efecto nos que iremos anotando e contrastando o grao de consecución de cada obxectivo proposto.

5.2. Primeiro trimestre

Os resultados obtidos no seguimento deste 1º trimestre son moi satisfactorios, acadando e incluso superando as porcentaxes marcadas de consecución para cada obxectivo proposto neste Plan Dixital. Incidirase de cara os seguintes trimestres en seguir traballando nesta liña para cumprir cos obxectivos marcados para o presente curso escolar 2024/2025.

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

A avaliación do Plan Dixital deberá facerse contemplando dous aspectos :

- Avaliación procesual : Que estudará o estado de execución das accións , a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso , as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora; e que se realizará no momento de fin de remate de cada acción (mínimo unha vez ao trimestre)
- Avaliación final : Que valorará o logro dos obxectivos e as propostas de mellora e a súa frecuencia de realización será unha vez ao ano .

Segundo cada un dos obxectivos os procedementos e a temporización da avaliación ,tanto procesual como final, variarán atendendo ás peculiaridades de cada un deles.

O procedemento de avaliación do Plan Dixital farémolo a través de rexistros ou instrumentos diseñados para tal efecto nos que iremos anotando e contrastando o grao de consecución de cada obxectivo proposto.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

O Plan Dixital unha vez finalizado foi aprobado polo Claustro e polo Consello Escolar do CRA Monterrei antes de finalizar o curso 2023-2024.

No curso 2024/2025 deberá ser novamente informado o Claustro do contido de dito plan ,no caso de que houbera modificacións na súa plantilla, posto que todos os seus membros teñen o compromiso de implicarse activamente no seu desenvolto e aplicación.

O Plan Dixital debe ser aprobado cada curso tanto polo Claustro como polo Consello Escolar.

A difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa farase a través da Paxina Web do CRA Monterrei <http://centros.edu.xunta.es/crademonterrei/> no seguinte enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=32020801>

Así mesmo, informarase por escrito ás familias que o poderán consultar no enderezo antes citado.

8. Outros datos

9. Anexos

Descrición	Arquivo
Anexo 1 - Resultados da aplicación SELFIE	ANEXO 1 Resultados SELFIE.pdf
Anexo 2- Resultados Test CDD	ANEXO 2. Resultados Test CDD.pdf
Anexo 3 - Acta nº1	Acta nº 1 pdf.pdf
Anexo 4- acta nº2	Acta nº 2 pdf.pdf
Anexo 5- Acta nº 3	Acta nº 3 pdf.pdf
Anexo 6- Inventario informático	inventario informático 2023-2024 pdf.pdf
Anexo nº 7- Acta nº4	Acta nº 4 pdf.pdf
Anexo nº 8- Acta nº 5	Acta nº 5 pdf.pdf
Anexo nº 9- Acta nº 6	Acta nº 6.pdf
Acta nº 7	Acta nº 7.pdf